



**MANCOMUNIDADE
TERRA CHÁ**

**Asunto: DATA DE EXAME EN CASO DE QUE O LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS ELÉVESE AUTOMÁTICAMENTE A DEFINITIVO POR NON EXISTIR ALEGACIÓNS EN PRAZO.
EXPTE. NÚM. 65/2022**

RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA

Vista a Resolución de Presidencia 2022-0028 de data 12 de maio de 2022 aprobando a Oferta de emprego público extraordinaria de estabilización de emprego da Mancomunidad de Municipios Da Terra Chá de conformidade co disposto na Lei 20/2021.

Vista a Resolución de Presidencia 2022-0088 de data 26 de decembro de 2022 onde se aprobaron as bases xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidad Terra Chá incluídas na Oferta de emprego público de 2022, publicadas no BOP da provincia de Lugo, núm.299 de 31 de decembro de 2022.

Vista a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado o día 15 de outubro de 2024.

Vista a Resolución de Presidencia 2024-0062 de data 17 de outubro de 2024 pola que se aprobou unha corrección de erros das anteditas bases.

Visto que en data 21/10/2024 publicouse a corrección de erros no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 243.

Visto que se publicouse a corrección de erros no Boletín Oficial do Estado o día 24 de outubro de 2024 e realizouse a publicación no Diario Oficial de Galicia o día 28 de outubro de 2024, núm. 208.

Vista a Resolución de Presidencia 2024-0074 de data 23 de novembro de 2024 pola que se aproba a listaxe definitiva de aspirantes e excluídos no proceso, así como o nomeamento de este Tribunal.

Vista a publicación do anuncio do listaxe de admitidos e excluídos e o nomeamento do Tribunal no BOP da provincia de Lugo, núm. 274 o día 27 de novembro de 2024.

Vista que a base quinta das bases específicas sinala que por motivos de axilidade, celebrarase, en primeiro lugar a fase de oposición.

Visto que no caso de non existir reclamacións no prazo sinalado, as relacións provisionais de admitidos e excluídos das dúas prazas elevaráanse automaticamente a definitivas e que neste caso o órgano competente dictará Resolución, a proposta do Tribunal Calificador, coa data, lugar e hora de realización da primeira proba que houbese de realizarse na fase de oposición, publicándose no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da Mancomunidad de Municipios Da Terra Chá.





**MANCOMUNIDADE
TERRA CHÁ**

Vista a proposta de 28 de novembro do Tribunal Calificador da data, lugar e hora de realización da primeira proba que houbese de realizarse na fase de oposición.

Por canto antecede,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a data, hora e lugar en que se celebrará o primeiro exercicio do proceso selectivo, no caso de que a listaxe provisional de admitidos e excluídos publicada no BOP núm. 274 de 27 de novembro de 2024 elévese automaticamente a definitiva polo transcurso do prazo de alegacións sen que se formule ningunha. No caso de que existan alegacións nese prazo, determinarásese por Resolución desta Presidencia unha nova data de exame.

LUNS: 16 DE DECEMBRO DE 2024

HORA: 11:00 HORAS

LUGAR: SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE COSPEITO

O exame consistirá no desenvolvemento dun exame tipo test de entre os temas incluídos no Anexo I de 30 preguntas con 4 respostas alternativas, das que únicamente unha é correcta, durante o tempo máximo de 60 minutos, tendo cada resposta correcta un valor de 1 punto, descontado 0,15 por resposta incorrecta e non puntuando as respostas sen contestar ou en branco, tal e como se sinala na base quinta das bases específicas do proceso.

SEGUNDO.- Publicar esta Resolución no Taboleiro de Anuncios, na páxina web da Mancomunidad de Municipios Da Terra Chá e para maior publicidade no BOP de Lugo.

TERCEIRO.- Dar conta da presente a Xunta Plenaria da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que éste celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O manda e asina o Sr. Presidente, D. Armando Castosa Alvariño, en Cospeito, na data que figura á marxe do documento; do que eu como Secretaria -Interventora, dou fe.

Don Armando Castosa Alvariño
Presidente

Dona Ana María Rubiera Álvarez
Secretaria- Interventora

DOCUMENTO DATADO E ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

